

De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 70 da Lei 7/85, do 2 de abril, faise público o acordó adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 14 de decembro de 2009, polo que se aproba a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos no albergue "Virxe da Luz" e Pavillón Polideportivo, do que a parte dispositiva di:

4º) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PUBLICO PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO ALBERGUE "VIRXE DA LUZ" E "PAVILLÓN POLIDEPORTIVO"; a Corporación en segunda votación, por maioría catro votos a favor e catro en contra, en virtude de voto de calidade da Sra. Alcadesa que o emite en sentido favorable, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o establecemento do prezo público pola prestación de servizos (albergue e pavillón), de conformidade coa ordenanza que se achega como anexo desta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público, mediante edictos a insertar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal, o expediente polo prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, de conformidade con canto se establece no artigo 17.1ª e 2ª do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións en tempo hábil este acordo provisional será elevado a definitivo sen máis trámite ó abeiro do establecido no 17.3ª do mesmo corpo legal.

Anexo

ARTIGO 1º. CONCEPTO.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación cos artigos 41 a 47, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos no albergue Virxe da Luz de Portomarín, cuxas normas reguladoras contéñense na presente ordenanza.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están abrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza quen se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. CONTÍA.

As contías dos prezos públicos regulados nesta ordenanza serán os seguintes, os cales inclúen IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente:

-Tarifa por utilización de camas (Virxe da Luz): 5€/día.

-Tarifa por utilización de espazos reservados para sacos de durmir (pavillón): 2€/día.

ARTIGO 4º. NACEMENTO DA OBRIGA.

A obrigación de pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza nace dende que se inicie a utilización dos servizos.

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS EBONIFICACIÓNS.

Non se concederán exencións nin bonificacións nas tarifas previstas na presente ordenanza.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

O pagamento dos prezos públicos regulados no artigo 3º efectuarase, en todo caso, con carácter previo á prestación do servizo, o cal poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

A determinación da contía das tarifas previstas nesta ordenanza poderán ser acordadas pala Xunta de Goberno Local, dando conta ó Pleno do Concello.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza aprobada por acordo do Concello Pleno de decembro do 2009 entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenará a aplicarse a partir do día seguinte ó da súa publicación. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Portomarín, 2 de xuño de 2010.- A Alcadesa, ilexible.

R. 04089

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

Juzgados de Primera Instancia

LUGO NÚM. 2

76000

N.I.G.: 27028 42 1 2010 0001902

Procedimiento: INCIDENTES 0000430/2010

Sobre OTRAS MATERIAS CONCURSALES

De D/ña.

Procurador/a Sr/a.

Contra FARGALIA RESOURCE, S.L.

Procurador/a Sr/a.

EDICTO

En el procedimiento de referencia se ha dictado SENTENCIA, cuyo ENCABEZAMIENTO Y FALLO es del tenor literal siguiente:

Visto por la Iltna. Sra. Dña. Angela Galván Gallejos, Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia nº 2 de los de Lugo, los autos de Incidente Concursal nº 430/10 procedentes del concurso nº 1.577/08 seguidos ante este Juzgado, promovido por la Administración Concursal de la entidad TRASDEGA NOROESTE, S.L. contra FARGALIA RESOURCE, S.L. , en situación de rebeldía procesal.